



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación

A: Dirección de Ingresos (Dona Maika Pazos)

Asunto: Orzamento 2025, Beneficios Fiscais.

Expediente 90/142

Coa data da sinatura do 25/06/2024, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2025. Con data posterior, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda (Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 129 do 5 de xullo de 2023) , ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberase achegar o anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local tendo en conta se fose o caso, o proxecto de modificación de Ordenanzas en trámite.

O devandito anexo que ven sendo confeccionado os últimos anos, deberá ser asinado e incorporado ao expediente, a tal efecto, dáse un trámite AUT para autorizar á Sra. Xefa de Área para a súa incorporación ao expediente electrónico.

A confección do documento podería seguir a estrutura que regula o formulario do MINHFP F.1.1.17.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 168.1.g), se solicita a emisión do informe de ingresos e bases utilizadas para xustificar as previsións contidas no devandito estado.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Responsable superior contable e orzamentario: Luís García Álvarez

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2024 11:55	Páxina 1 de 1
90-142	CSV: A4A954-EBDDE7-C5E4AA-3W7QS1-S8QW7B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		